



PROPOSTA DE ACTIVIDADE DE FORMACIÓN

Convocatoria curso 2022/2023

DATOS DA ACTIVIDADE

Centro solicitante Grupo de Investigación Esculca – Facultade de Ciencias da Educación
Responsable da actividade Miguel A. Santos Rego e Mar Lorenzo Moledo
Título da actividade Curso de formación básica en aprendizaxe-servizo (migrantes) [ApS(m)] para profesorado universitario.
Lugar de celebración Facultade de Ciencias da Educación (Campus Sur) – Santiago de Compostela
Temporalización (datas e horas) 8/06/2023 – Módulo 1 (4 horas) – 16:30 h. a 20:30 h. 13/06/2023 – Módulo 2 (3 horas) – 16:30 h. a 19:30 h. 14/06/2023 – Módulo 3 (3 horas) – 16:30 h. a 19:30 h.
Número de prazas ofertadas 75

PROGRAMACIÓN

Este curso de formación enmarcase no proxecto Erasmus+ **Mobilising university-community resources through SL(M) for the inclusion of migrants/refugees** (<https://service-learning-m.eu/>)

Obxectivos

1. Coñecer a realidade das persoas migrantes/refuxiadas en Europa.
2. Estudar as necesidades sociais das persoas refuxiadas/migrantes en Europa.
3. Promover a aprendizaxe-servizo na Universidade como metodoloxía de aprendizaxe social.
4. Diseñar proxectos de ApS centrados nas necesidades de integración das persoas migrantes/refuxiadas.
5. Explorar as posibilidades da ApS universitaria para atender esas necesidades.
6. Establecer redes de traballo e cooperación entre universidades e entidades da sociedade civil para avanzar no desenvolvemento do proxecto intercultural europeo.

Contidos

Módulo 1. Migración/Protección Internacional en Europa (4 horas).

Módulo 2. Do ensino centrado no/a profesor/a á aprendizaxe centrada no/a alumno/a no EEES (3 horas).

Módulo 3. A aprendizaxe-servizo na universidade (3 horas).

Metodoloxía

Propónse unha metodoloxía activa centrada na participación e o diálogo cos/coas asistentes. Así, empregaranse fundamentalmente técnicas cooperativas para fomentar o diálogo, a interacción e a aprendizaxe en grupo. Do que se trata é de crear un clima de traballo cooperativo entre docentes e asistentes que motive o deseño de proxectos de ApS(m).

Asemade, se houbo profesorado que xa teña formación e experiencia no desenvolvemento de proxectos de aprendizaxe-servizo establecerase unha

formación máis específica que se desenvolverá de maneira paralela e na que se traballarán contidos vinculados a calidade dos proxectos, o seguimento, a reflexión ou a avaliación.

Avaliación do proceso formativo

O curso de formación avaliarase por medio dos traballos realizados polos asistentes, unha Escala Osgood para avaliar a satisfacción dos/as participantes co curso; e dun Focus Group para analizar o seu desenvolvemento.

Ademais, o PFID proporciona o rexistro de asistencias e as enquisas da avaliación da actividade

Profesorado que impartirá a actividade (nome e apelidos, NIF, titulación, institución) e CV breve (no mais de 300 palabras)

- Miguel A. Santos Rego

NIF: 76504932D

Titulación: Doutor en Filosofía e Ciencias da Educación

Institución: Universidade de Santiago de Compostela

Breve CV: Catedrático de Universidade no Departamento de Pedagogía e Didáctica (área de Teoría e Historia da Educación) da Universidade de Santiago de Compostela. Na universidade compostelá foi vicerreitor de profesorado e director do Instituto de Ciencias da Educación. Na actualidade é coordinador do Grupo de Investigación ESCULCA (Grupo de Referencia Competitiva), da Rede de Investigación RIES, da Rede de Excelencia UNIASC, e director do Departamento de Pedagogía e Didáctica, ademais de Premio Nacional de Investigación Educativa e presidente da Comisión de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG).

- Mar Lorenzo Moledo

NIF: 33281092T

Titulación: Doutora en Filosofía e Ciencias da Educación

Institución: Universidade de Santiago de Compostela

Breve CV: Catedrática de Universidade no Departamento de Pedagogía e Didáctica (área de Teoría e Historia da Educación) da Universidade de Santiago de Compostela. Pertence ao Grupo de Investigación ESCULCA (Grupo de Referencia Competitiva), á Rede de Investigación RIES e á Rede de Excelencia “Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento”. Foi Premio Nacional de Investigación Educativa e Premio María Barbeito de Investigación. Ten desempeñado importantes cargos de xestión na universidade, entre os cales destacan o de vicerreitora e coordinadora do Programa de Doutoramento en Educación da USC. Actualmente é decana da Facultade de Ciencias da Educación.

- Alexandre Sotelino Losada

NIF:44454305-C

Titulación: Doutor en Ciencias da Educación

Institución: Universidade de Santiago de Compostela

Breve CV: Alexandre Sotelino Losada é Doutor en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela, institución onde tamén obtivo anteriormente a Licenciatura en Pedagogía, con Premio Extraordinario. Na actualidade traballa como profesor contratado doutor no Departamento de Pedagogía e Didáctica da mesma institución e é membro do Grupo de Investigación Esculca. Anteriormente tamén traballou na Universidade de Vigo. Na institución compostelá desenvolveu as tarefas de Coordinador do Grao de Mestre/a en Educación Primaria e desde o 2022 é Coordinador Académico do Máster en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario. No ano 2023 asume a Dirección do Grupo de Innovación Docente Alén-ApS onde se inclúe profesorado de diferentes áreas de coñecemento da USC.

- Javier Agrafojo Fernández

NIF: 33278307K

Titulación: Doutor en Educación

Institución: Universidade de Santiago de Compostela (USC)

Breve CV: É Doutor en Ciencias da Educación pola Universidade de Santiago de Compostela onde anteriormente titulou como Licenciado en

Historia. Leva máis de 25 anos como coordinador do SEPIU (Servizo de Participación e Integración Universitaria) da USC. Asemade, pertence ao grupo de investigación Esculca da mesma institución compostelana.

- Igor Mella Núñez

NIF: 33560582V

Titulación: Doutor en Educación

Institución: Universidade de Santiago de Compostela

Breve CV: Doutor en Educación pola Universidade de Santiago de Compostela (con Mención Internacional e Premio Extraordinario), onde actualmente é Profesor Axudante Doutor no Departamento de Pedagogía e Didáctica (área de Teoría e Historia da Educación) da Facultade de Ciencias da Educación. É membro do Grupo de Investigación ESCULCA (Grupo de Referencia Competitiva), da Rede de Investigación RIES e da Rede de Excelencia “Universidade, Innovación e Aprendizaxe na Sociedade do Coñecemento”. As súas liñas principais de investigación vincúlanse coa formación universitaria, o aprendizaxe-servizo e o desenvolvemento de competencias.

- Daniel Sáez Gambín

NIF: 48660087E

Titulación: Graduado en Matemáticas (Universidad de Murcia)

Institución: Universidade de Santiago de Compostela

Breve CV: Graduado en Matemáticas pola Universidade de Murcia, Máster en Estatística Aplicada pola Universidade de Granada, Máster en Formación de Profesorado pola Universidade Católica San Antonio de Murcia e actual membro do grupo de investigación ESCULCA da Universidade de Santiago de Compostela. Goza dunha bolsa FPI nun proxecto do Plan Nacional titulado “Aprendizaxe-servizo e empregabilidade dos estudantes universitarios en España: competencias para a inserción laboral”. No marco do devandito proxecto realiza a súa tese doutoral sobre a calidade do aprendizaxe-servizo na universidade.

- Xabier Rodríguez Orosa

NIF: 45861096Q

Titulación: Licenciado en Pedagogía

Institución: ACCEM

Breve CV: Máster de Profesorado en Secundaria na USC e Posgrado de Especialista en Orientación Laboral na UDC. Tamén conta con Formación de Facilitador. Erasmus +. Leva 5 anos como orientador laboral en Accem no Programa de Acolida de Protección Internacional e 7 anos como facilitador de formación en programas de Erasmus+ de voluntariado europeo.

- Lía Fouz Álvarez

NIF: 47377429M

Titulación: Licenciatura en Dereito na UDC e Bachelor of Laws pola Open University do Reino Unido.

Institución: ACCEM

Breve CV: Mestrado en Avogacía pola UDC e o ICACOR (Ilustre Colexio de Avogados da Coruña). Sacou o Grao en Educación Infantil pola UNIR. Leva 8 anos como avogada especialista en Protección Internacional en Accem A Coruña